Artigo 13. *Da Asemblea Xeral*

1. A Asemblea Xeral é o órgano superior de goberno do GALP e estará integrada por todos os asociados que se atopen en pleno uso dos seus dereitos sociais.

2. Todos os asociados, a través do seu representante, teñen dereito ao voto.


Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

3. Os cargos da Xunta Directiva, incluíndo a Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Tesourería serán elixidos pola Asemblea Xeral na sesión constitutiva desta por un período de catro anos.

O feito de que o Grupo sexa un instrumento do FEMP implicará que a Presidencia do GALP haberá de recaer nalgún membro da Xunta Directiva do sector pesqueiro. A Vicepresidencia do GALP recaerá nalgún membro dos outros sectores da Xunta Directiva.

4. As sesións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

5. A Asemblea Xeral ordinaria reunirase unha vez ao ano dentro dos tres primeiros meses do ano.

6. A Asemblea Xeral extraordinaria reunirase tantas veces como sexa necesario, previo acordo da Xunta Directiva, mediante convocatoria da Presidencia do GALP.

7. Así mesmo, e con carácter extraordinario, reunirase a Asemblea Xeral cando o solicite, mediante escrito dirixido á Xunta Directiva, un mínimo do 10% dos asociados con expresión detallada das cuestións que deban integrar a orde do día da convocatoria.

Recibida esta petición pola Presidencia, e dentro dos 15 días naturais seguintes, procederase a efectuar a oportuna convocatoria para a celebración da asemblea xeral.

8. As asembleas ordinarias ou extraordinarias serán convocadas con 15 días de antelación pola presidencia.

9. A convocatoria da Asemblea Xeral será comunicada por escrito a cada un dos asociado, con expresión detallada da correspondente orde do día.

10. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados na primeira convocatoria ou transcorrida media media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero que en todo caso, conte coa presenza do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

11. A delegación de voto ou representación soamente poderá realizarse nunha persoa representante do mesmo sector, dos establecidos no artigo 8 dos presentes Estatutos.



Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

Artigo 14. *Das funcións da Asemblea Xeral*

Serán funcións da Asemblea Xeral:

a) Examinar e aprobar, se procedese, a conta xeral anual de ingresos e gastos, así como o orzamento anual de gastos e ingresos para cada exercicio.
b) Censurar a xestión da Xunta Directiva, da Presidencia ou de calquera membro desta.
c) Elixir aos integrantes da Xunta Directiva.
d) Acordar, no seu caso, a contía das cotas de ingreso e periódicas, así como a súa forma de pago, así como as cotas extraordinarias.
e) A disposición, alleamento ou gravame dos bens do GALP.
f) A solicitude de declaración de utilidade pública da asociación.
g) Aprobar a constitución dunha federación ou rede, ou a súa integración se xa existise.
h) Aprobar modificación dos estatutos.
i) Acordar disolución do GALP.
j) Designar aos liquidadores.
k) Ratificar a expulsión dos asociados proposta pola Xunta Directiva.
l) Aprobar o regulamento de réxime interno do Grupo.

Artigo 15. *Dos acordos da Asemblea Xeral*

1. Os acordos da Asemblea Xeral adóptanse como regra xeral por maioría simple de votos.
A Presidencia do GALP ostenta voto de calidade en caso de empate.

2.Requiren o voto favorable dos dous terzos dos membros asistentes á Asemblea Xeral os acordos referidos nas letras b),e), f), g), h), i), j) e k) do artigo anterior.

3.Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a tódolos asociados, incluso aos ausentes.

Artigo 16. *Da Xunta Directiva*

1. A Xunta Directiva asume a dirección da entidade e estará integrada por 19 membros: Presidencia, a Vicepresidencia, a Secretaría e a Tesourería, que serán as mesmas que ocupen estes cargos na Asemblea Xeral, e quince vogais.

2. Os membros da Xunta Directiva son nomeadas na Asemblea Xeral a proposta de cada un dos sectores segundo a seguinte representatividade:



Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

a) Nove representantes do sector pesqueiro.
b) Tres representantes do sector social.
c) Tres representantes do sector económico
d) Catro representantes das administracións públicas locais e entidades do sector público vinculadas ou dependentes destas.

3. A delegación de voto ou representación soamente poderá realizarse nunha persoa representante do mesmo sector, dos establecidos no artigo 8 dos presentes Estatutos.

4. Todos os membros da Xunta Directiva actuarán con voz e voto.

5. Todos os cargos da Xunta Directiva son honoríficos e gratuítos e o seu nomeamento farase por un período de catro anos, podendo ser reelixidos.

6. As persoas integrantes da Xunta Directiva perderán eta condición por:

a) Falecemento.
b) Renuncia voluntaria.
c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos/as.
d) Perda da representación na entidade asociada.

As vacantes serán cuberta pola seguinte persoa en número de votos, que non fora elixida, para o mesmo sector. Non caso de non poder cubrirse a vacante por este procedemento, convocaranse eleccións parciais entre os membros da Asemblea para o sector que corresponda. A persoa elixida ocupará o posto polo tempo restante ata que se renoven os órganos de goberno.

No caso da presidencia, a vacante será cuberta por elección entre os membros da Asemblea Xeral e polo tempo restante ata a renovación dos órganos de goberno.

Artigo 17. *Das funcións da Xunta Directiva*

1. Serán funcións da Xunta Directiva as seguintes:

a) Aprobar a Estratexia de Desenvolvemento Local e a súas modificacións e dar conta a Asemblea Xeral.
b) Adoptar e executar accións de goberno e administración do GALP.
c) Resolver o procedente sobre cantas cuestións afecten a boa marcha da entidade e sexan sometidas á súa consideración pola Asemblea Xeral ou se



BY NC ND
Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

poidan suscitar con carácter de rogo ou pregunta por calquera das persoas representantes das entidades asociadas.

d) Promover a administración da asociación de conformidade cos Estatutos, regulamentos e decisións da Asemblea Xeral.
e) Nomeamento das persoas administradoras e representantes.
f) Propor á Asemblea, admitir, suspender ou dar de baixa a membros do GALP nos supostos así previstos nos presentes Estatutos.
g) A expulsión de persoas asociadas.
h) Cumprir e facer cumprir as normas estatutarias, de carácter regulamentario, no seu caso, e os acordos que adopte a Asemblea Xeral.
i) Resolver as dúbidas que se susciten sobre a interpretación das normas estatutarias, regulamentos e normativas internas e suplir as súas posibles omisións, sen prexuízo de someter as súas decisións á primeira Asemblea Xeral que se celebre.
j) Estudo e informe dos orzamentos e contas anuais.
k) Presentar anualmente á Asemblea Xeral:
    a. Informe económico-financeiro anual
    b. A conta xeral de ingresos e gastos, explicativa da marcha da entidade durante o exercicio.
    c. Orzamento anual de gastos e ingresos.
    d. Informe anual de seguimento e avaliación da EDLP.
l) Estudo, planificación e control das actividades económicas e financeiras da asociación.
m) Organizar, coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre as persoas representantes das persoas asociadas, designando comisións de estudo e traballo.
n) Planificar os programas e actividades que desenvolva pola asociación.
o) Coñecer e aprobar, se procedese, a memoria de actividades sociais realizadas e das que se pretendan realizar.
p) A xestión como entidade colaboradora de subvencións para a realización de proxectos dirixidos ao cumprimento dos fins da asociación e recollidos no Regulamento UE 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e no Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento e do Consello do 15 de maio de 2014.
q) A avaliación e elevación das propostas de resolución dos proxectos presentados ao abeiro das convocatorias de axudas realizadas pola Consellería do Medio Rural e do Mar.
r) Contratación do persoal e expedientes de contratación. Para o desenvolvemento destas actuacións a Xunta Directiva poderá constituír mesas de contratación cuxa composición será como mínimo de cinco membros, que



Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

deberán formar parte da Xunta Directiva do GALP. Formará parte en todo caso desta mesa a Presidencia do GALP ou vogal en quen delegue.

s) Asesoramento á Presidencia.
t) En xeral, desenvolver cantas accións se dirixan ao mellor cumprimento dos obxectivos e fins sociais, sempre que non estean atribuídos á Asemblea Xeral.

2. Para o exercicio destas competencias, a Xunta Directiva poderá apoiarse no equipo técnico e de xestión do propio GALP ou solicitar o apoio de expertos/as externos na materia.

Artigo 18. *Das reunións da Xunta Directiva*

1. A Xunta Directiva reunirase, con carácter ordinario, dúas veces ao ano, e, con carácter extraordinario, cando, pola urxencia dos asuntos que se deban tratar, o dispoña a Presidencia ou ben o solicite razoadamente algún ou algúns dos seus membros, sendo obrigada a asistencia destes, excepto por causa xustificada.

2. As reunións da Xunta Directiva serán convocadas por escrito, con indicación da orde do día. As ordinarias convocaranse cunha antelación de setenta e dúas horas, e as extraordinarias con vinte e catro horas de antelación, polo procedemento máis adecuado.

3. Para a súa constitución válida en primeira convocatoria será necesaria a maioría simple, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asistentes.
En ambos os casos haberá de estar presente a Presidencia e a Secretaría ou quen os substitúa.

4. O quórum de votación necesario para a adopción de acordos válidos será o da maioría simple de asistentes á reunión.

Artigo 19. *Da Presidencia*

1. A Presidencia asume a representación legal da entidade para todos os efectos, tanto en xuízo como fóra del, e ostenta o voto de calidade en caso de empate nas votacións.

2. Correspóndelle dirixir, ordenar e arbitrar as reunión e os debates, tanto na Xunta Directiva como na Asemblea Xeral, así como:

a) Convocar e fixar a orde do día das reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, presidíndoas.



**Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):**
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

b) Ordenar os gastos e pagos da entidade, asinando, xunto coa Tesourería, os talóns, recibos e outros documentos análogos.
c) Autorizar coa súa firma cantos escritos e comunicacións esixa a marcha da entidade, así como visar os documentos autorizados pola Secretaría, especialmente se teñen o carácter de certificacións.
d) Executar os acordos sociais e asumir e realizar cantas encomendas se lle confíen, tanto por acordo da Xunta Directiva como pola Asemblea Xeral.
e) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
f) Subscribir contratos a nome da asociación, outorgar poderes a terceiros, interpor reclamacións administrativas e ante a xurisdición ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herdanzas, exercitar accións e opor excepcións.
g) A xefatura do cadro de persoal da entidade.
h) A comunicación permanente e relación a cantos asuntos sexan de competencia do GALP coas Administracións Públicas.

3. A Presidencia cesará por:
   a) Falecemento.
   b) Renuncia voluntaria.
   c) Transcurso do prazo para o que foi elixido.
   d) Perda da representación na entidade asociada.

Artigo 20. *Da Vicepresidencia*

1. O vicepresidente/a substituirá ao presidente/a en caso de ausencia, enfermidade ou vacante, e desempeñará as funcións que nel delegue o presidente/a.

2. O vicepresidente/a cesa polos mesmos motivos que o presidente/a.

Artigo 21. *Da Secretaría*

1. Á Secretaría correspóndelle o exercicio das funcións propias do seu cargo, así como:

a) Actuar como tal en todas as reunións. Na Asemblea e Xunta Directiva actuará con voz e voto.
b) Custodiar os libros e documentos, excepto os de contabilidade, selos e o ficheiro da entidade.
c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento administrativo da entidade.


Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral, e expedir certificacións destes co visto e prace da Presidencia.
e) Levar a correspondencia ordinaria.
f) Levar o inventario de bens nun libro establecido para o efecto.
g) Levar o Libro de Asociados.

2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade, o presidente designará de entre os vocais a un suplente para que desenvolva esta función. No caso de vacante, o suplente desenvolverá a función mentres non se cubra definitivamente o posto.

Artigo 22. *Da Tesourería*

Á Tesourería correspóndelle:

a) Actuar como tal en todas as reunións. Na Asemblea e Xunta Directiva actuará con voz e voto.
b) Recadar os fondos da entidade, custodialos e investilos do modo que determine a Xunta Directiva.
c) Efectuar os pagos ordenados pola Presidencia.
d) Velar pola boa orde económica da entidade, así como polo máis adecuado investimento orzamentario, de acordo cos obxectivos e fins da asociación.
e) Dirixir e ordenar a contabilidade.
f) Confeccionar a conta xeral de ingresos e gastos, así como o orzamento anual de gastos e ingresos.

Artigo 23. *Dos/as vogais da Xunta Directiva*

As persoas que ostenten o cargo de vogais desempeñarán as funcións xenéricas do seu cometido, sen prexuízo daqueloutras que procedan e que concretamente a cada un deles lles sexan atribuídas por acordo da Xunta Directiva.

## CAPITULO VI
## **Réxime económico**

Artigo 24. *Do patrimonio inicial*


**Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):**
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

O GALP carece de patrimonio inicial e fixará o seu orzamento anualmente. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 25. *Das contas anuais*

Anualmente, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria que será posta a disposición dos asociados, como mínimo, 15 días antes da celebración da asemblea xeral ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artigo 26. *Do orzamento*

No primeiro trimestre de cada ano, será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria.

Artigo 27. *Da dispoñibilidade de fondos*

Para a disposición de fondos será necesaria a sinatura conxunta do presidente e do tesoureiro.

Artigo 28. *Do destino dos recursos*

O GALP, como entidade sen ánimo de lucro, destinará, os beneficios que obteña por calquera concepto, exclusivamente ao cumprimento dos fines que lle son propios.

Como entidade sen ánimo de lucro, en caso ningún, poderá distribuír os beneficios que se obteñan entre os asociados ou os seus representantes nin outras físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

Artigo 29. *Dos recursos económicos*

A asociación disporá dos seguintes recursos económicos:

a) Dos fondos asignados para a elaboración dunha EDLP conforme ao FEMP.
b) Das cotas ordinarias e derramas extraordinarias que poidan establecerse.
c) Das doazóns e legados a favor do GALP.
d) Das subvencións que lle poidan ser concedidas por calquera institución pública ou privada.
e) Calquera outro ingreso permitido pola lexislación vixente.

Artigo 30. *Das cotas e contribucións dos asociados*

BY NC ND
**Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):**
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

A contía das cotas e contribucións dos asociados será proposta pola Xunta Directiva e aprobada en Asemblea Xeral, que determinará o xeito en que se farán efectivas.

CAPITULO VII

**Regulamento de Réxime Interno**

Artigo 31. *Do regulamento de réxime interno*

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento disciplinario, en on pode ir en ningún caso en contra do estipulados neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdicional civil.

CAPITULO VIII

**Disolución do GALP**

Artigo 32. *Da disolución do GALP*

O GALP establécese por tempo indefinido e poderá disolverse, no seu caso, nos supostos seguintes:

a) Por vontade dos asociados, mediante acordo adoptado pola Asemblea Xeral extraordinaria convocada para o efecto, e co quórum que determina o artigo 15.2.
b) Por ser imposible a consecución dos fins para os que foi constituído.
c) Por incumprimento reiterado dos fins para os que foi creado.
d) Por sentenza xudicial firme.
e) Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
f) Polas restantes causas previstas na lexislación vixente.

Artigo 33. *Da liquidación do GALP*

1. No caso da disolución a Asemblea Xeral elixirá de entre os seus membros a tres deles para constituír a correspondente Comisión Liquidadora, e a de maior idade ostentará a súa Presidencia.

2. A Comisión Liquidadora farase cargo do patrimonio existente, satisfará as obrigacións pendentes e cobrará os créditos pendentes se existisen.



Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

3. O remanente, en caso de existir, será entregado a calquera entidade legalmente constituída sen ánimo de lucro que se dedique a fins idénticos ou, na súa falta, análogos aos deste GALP.

4. A Comisión, así mesmo, solicitará a cancelación dos asentos no Rexistro de Asociacións.

5. En caso de insolvencia, a Comisión haberá de promover inmediatamente o oportuno procedemento concursal ante o xulgado competente.

En.........., a...........de..........de 2015

## 5.3 Anexo III: Guía para a cumprimentación do formulario de candidatura

**GUÍA PARA A ELABORACIÓN DUNHA CANDIDATURA Á CONSTITUCIÓN DUN GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP)**

# Indice

***1. DELIMITACIÓN DO TERRITORIO.................................................................. 52***

***2. INFORMACIÓN SOBRE A ORGANIZACIÓN CANDIDATA..................................... 55***

**2.1 Introdución.........................................................................................55**

**2.2 Acta de constitución e Estatutos...........................................................55**

**2.3 Certificados acreditativos da capacidade de obrar ...............................................55**

2.3.1 Certificación do órgano competente.........................................................55

**2.4 Documentación relativa á organización candidata e asociados.............................56**

2.4.1 Certificación de socios públicos e privados en activo.......................................56

2.4.2 Certificación das persoas que integran os órganos de goberno, entidade á que representan e cargos que ostentan na mesma.........................................................56

2.4.3 Certificación da porcentaxe de mulleres nos órganos directivos e descrición das accións para a promoción da participación destas nos órganos de goberno, de ser o caso.........................56

Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

2.4.4 Proposta de acción que se realizarán para garantir a participación activa dos socios, especificando as comisións sectoriais, de ser o caso, así como medidas de Responsabilidade Social Corporativa. ....57
2.4.5 Memoria da experiencia do candidato en materias de xestión de políticas de desenvolvemento local, ou dos socios, se for relevante ....57
2.4.6 Equipo técnico, ....59

***3. PROXECTO PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA EDLP ....60***

**3.1 Diagnóstico actual da situación do territorio que fundamente a orientación estratéxica ....60**

**3.2 Proposta das grandes liñas da estratexia e resultados esperados. ....61**

**3.3 Proceso de participación das comunidades locais. ....62**

## Introdución

O obxecto desta guía é elaborar un documento práctico que facilite **a información sobre os pasos necesarios para presentar unha candidatura a un Grupo de Acción Local Pesqueira (GALP), segundo o establecido na** *Orde de 6 de abril de 2015, pola que se se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia*.

Esta guía conten orientacións sobre a información que debe conter a candidatura Grupo de Acción Local do sector Pesqueiro (GALP), a cal conterá:

1. A delimitación do territorio elixido e a xustificación da súa cohesión (artigo 7.1.e)
2. Información sobre a organización candidata e os seus asociados ( artigo 7.1.f)
3. O proxecto de implantación dunha EDLP ( artigo 7.1.g)

Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

# 1. DELIMITACIÓN DO TERRITORIO

Nas zonas pesqueira e acuícola a desenvolver unha Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa (EDLP) a unidade mínima de selección serán 6 municipios incluídos no Anexo 1 da orde de 6 do abril de 2015.

As definicións da zona e poboación deben ser coherentes coa estratexia que o grupo desexa aplicar e estar xustificada. A poboación da zona de actuación na que se desenvolva dunha estratexia de desenvolvemento local deberá estar comprendida entre os 10.000 e os 150.000 habitantes, tal e como indica o art. 33.6. do Regulamento (UE) 1303/2013. Porén, admitiranse excepcións a esta regra de acordo co establecido en dita regulamento, e tal e como se recolle no artigo 3 da orde de 6 de abril de 2015.

A poboación computable na estratexia corresponderase coa que resida nos municipios incluídos no anexo I da devandita orde, agás Ferrol, A Coruña, Pontevedra e Vigo, nos cales se contabilizará só a integrante do sector pesqueiro e as súas familias.

Para o computo das familias pode empregarse o numero de persoas que habitan nos fogares nas localidades de A Coruña, Ferrol, Pontevedra e Vigo, segundo os datos de proxección dos fogares do IGE 2014.

Os candidatos xustificarán a delimitación do territorio elixido e a súa coherencia. A cohesión territorial pode definirase pola similitude das características físicas e naturais, económicas, socio-demográficas e culturais dos municipio que o integran, se ben a actuación nun territorio tamén pode xustificarse por razóns de funcionalidade ou complementariedade.

Os municipios poderán xustificarán a súa vinculación territorial pola súa pertenza á mesma comarca.

**COHESIÓN FÍSICA E NATURAL.**

A cohesión física dun territorio implica a continuidade territorial natural dos municipios integrantes dunha área, a súa integración en torno a algún accidente xeográfico, ou ben a súa vertebración a través de infraestruturas que faciliten o intercambio de persoas, bens e servizos entre eles.

A cohesión física e natural do territorio tamén se poderá xustificará mediante a descrición de elementos físicos e/ou de infraestruturas, tales como:

- Infraestruturas portuarias e lonxas.



Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

- Pontes e vías de alta capacidade
- Pertenza á mesma ría.
- Existencia de Espazos naturais protexidos
- Outros accidentes xeográficos que xustifiquen a cohesión da zona.
- etc...

**COHESIÓN ECONÓMICA.**

A cohesión económica do territorio candidato xustificarse identificando e caracterizando factores tales como os que se indican na táboa correspondente.

Todos os datos desta sección poden atoparse no IGE (www.ige.es ) nas seguintes seccións:

- Traballo: "Información Municipal e Comarcal", Banco de datos Municipal do IGE (Fichas dos municipios) O paro nos sector primario será o que figura baixo o epígrafe "agricultura".
- Actividade empresarial: Sección "Economía", Directorio de empresas e unidades locais, unidades locais segundo a actividade empresarial.
- Renda dos fogares e PIB /habitante: "Información Municipal e Comarcal", Banco de datos Municipal do IGE: sistema de contas (Fichas dos municipios).

Cumprimentarase o último datos dispoñible nas fontes estatísticas, o cal deberá se especificado polo candidato.

*NOTA: para obter o nº de traballadores (conta propia e allea) nos CNAE indicados, poderá dirixirse una solicitude de datos ao IGE, solicitando o nº de afiliados á Seguridade Social no Réxime Especial do Mar para os CNAE indicados na táboa correspondente.*

**COHESIÓN SOCIO-DEMOGRÁFICA**

Para a xustificación da cohesión socio-demográfica do territorio poderán aportarse datos demográficos, relacionados coa educación e co benestar da poboación , para iso poderán empregarse variables como as que figuran na táboa correspondente.

Datos demográficos:

- Poboación total (último dato dispoñible).
- Variación da poboación no período 1999-2013 segundo a seguinte fórmula: *[(valor ao final do período - valor ao inicio do periodo) / valor ao inicio do período] * 100]*
- Densidade de poboación (haberá de calcularse segundo a fórmula *poboación /extensión en kms$^2$ do municipio*).



Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

- Índice de dependencia global (2013), como indicador da relación entre a poboación potencialmente dependente (menores de 16 e maiores de 65 anos) e a poboación potencialmente activa (entre os 16 e os 65 anos).
- Índice de envellecemento.

Datos sobre ensino e educación:

- Nº total de centros de ensino en cada municipio (último dato dispoñible).
- Taxa de analfabetismo.
- Porcentaxe de poboación con estudios de primeiro grao finalizados.

Datos sobre benestar:

- Nº de beneficiarios de pensións no contributivas (invalidez/xubilación): porcentaxe sobre o total da poboación (último dato dispoñible).
- Nº de persoas que perciben rendas RISGA ou AES: porcentaxe sobre o total da poboación (último dato dispoñible).
- Datos sobre asistencia sanitaria:
- Nº de médicos de atención primaria por cada 1.000 habitantes, calculado sobre a formula: (nº de médicos de atención primaria /total poboación)*1.000.

Os datos relativos á cohesión socio-demográfica do GALP poden atoparse no IGE (e excepcionalmente no INE), nas seguintes seccións:

Datos demográficos:

- IGE, Sección "Poboación: Padrón municipal de habitantes".
- Sección "Poboación, Resultados detallados, Información municipal e comarcal: Series históricas de poboación. Poboación para Galicia, provincias, comarcas e concellos".
- Sección "poboación: indicadores demográficos; indicadores de poboación" (a nivel municipal).

Datos sobre ensino

- Sección "Educación", Ensino: Centros de réxime xeral en funcionamento segundo as ensinanzas que imparten.
- INE: Censo 2011, consulta de táboas (datos sobre persoas) (Analfabetismo e persoas con estudos de primeiro grao finalizados)

Datos sobre benestar:

- Sección "Benestar e condicións de vida: pensión e outras prestacións;
- Sección "Sanidade: información xeral".

Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

**COHESIÓN CULTURAL**

O sistema patrimonial, tanto cultural como histórico pode terse e conta para definir a identidade do territorio, para o cal poderán identificarse os bens patrimoniais materiais ou inmateriais da zona, en en particular os relacionados co sector marítimo pesqueiro.

# 2. INFORMACIÓN SOBRE A ORGANIZACIÓN CANDIDATA

## 2.1 Introdución

A asociacións candidatas a GALP deben representar os intereses socioeconómicos locais privados e públicos da zona de actuación. Unha entidade só pode apoiar a unha organización candidata, polo que deberán indicarse todas as entidades que integran á asociación.

A relación de asociados incluirá as entidades que están en activo no territorio. As asociacións deberían implicar as entidades e axentes locais relevantes no ámbito territorial e asegurar un grado de representatividade elevado.

No caso de asociacións que se comprometan a crear un GALP e que non procedan de Grupos de Acción Local, terase en contas as expresións de apoio ou cartas de compromiso (modelo 3.1) dos representantes da comunidade local segundo e establecido no artigo 4.1 da orde de 6 de abril de 2015.

## 2.2 Acta de constitución e Estatutos.

As asociacións de nova creación deberán dotarse duns estatutos e crearse mediante a redacción dun acta de constitución e aprobación de estatutos segundo os modelos establecidos nos anexos I e II do formulario de candidatura.

## 2.3 Certificados acreditativos da capacidade de obrar

O solicitante debe aportar unha serie de certificados xunto coa solicitude, entre os que tamén se inclúen aqueles relativos ás características da organización candidata e a súa composición, que determinarán a valoración da súa candidatura.

### 2.3.1 Certificación do órgano competente

Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

Para poder presentar unha solicitude de candidatura, ésta debe asinarse polo representante da entidade, e ademais a entidade tivo que adoptar o acordo polo que manifesta a súa vontade de ser candidata. Neste sentido se achega un modelo de certificación do órgano competente (modelo 3.4)

Se a persoa representante actúa en virtude de atribucións fixadas nos estatutos indicarase na solicitude, achegarase certificado do órgano competente relativo á ocupación de cargo. Achegase un modelo de certificación do órgano competente (modelo 3.5).

## 2.4 Documentación relativa á organización candidata e asociados

Modelos que se poñen a disposición dos solicitantes para cumprir o artigo 7.1.f) da orde de 6 de abril de 2015.

### 2.4.1 Certificación de socios públicos e privados en activo

As solicitudes deberán ir acompañadas dunha certificación do órgano competente da asociación, segundo os seus Estatutos, onde figuren os asociados en activo, indicando unha serie de información de cada entidade segundo o modelo que se xunta (modelo 3.6).

### 2.4.2 Certificación das persoas que integran os órganos de goberno, entidade á que representan e cargos que ostentan na mesma

Do mesmo xeito que no apartado anterior, compre presentar unha certificación das persoas que integran os órganos de goberno da asociación. Ademais deberase establecer a que entidade representan..

Se facilita un modelo para cumprimentar este trámite (modelo 3.7)

### 2.4.3 Certificación da porcentaxe de mulleres nos órganos directivos e descrición das accións para a promoción da participación destas nos órganos de goberno, de ser o caso

Deberase xuntar a solicitude unha certificación do órgano competente da asociación, onde se estableza a porcentaxe de mulleres nos órganos directivos da asociación. A estes efectos se facilita un modelo para a súa presentación (modelo 3.8)



Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

### 2.4.4 Proposta de acción que se realizarán para garantir a participación activa dos socios, especificando as comisións sectoriais, de ser o caso, así como medidas de Responsabilidade Social Corporativa.

Os candidatos deberán especificar as medidas de que dispón ou prevé a implementar para favorecer a participación activa dos asociados, e medidas de RSC.

Para iso, os candidatos poderán responder ás preguntas contidas nas táboas (modelos 3.9.1 e 3.92), podendo ademais explicar aquelas iniciativas que teñan en marcha ou pretendan implantar.

### 2.4.5 Memoria da experiencia do candidato en materias de xestión de políticas de desenvolvemento local, ou dos socios, se for relevante

Na memoria da experiencia da asociación candidata deberán describirse aqueles proxectos de xestión de políticas de desenvolvemento local nos que participara. Por exemplo, se a asociación candidata é un Grupo de Acción Costeira (GAC) que xestionou o anterior programa operativo no eixe 4 do Fondo Europeo da Pesca (FEP) como entidade colaboradora, deberá expresar estar circunstancia.

No caso de ser unha entidade de nova creación, a experiencia poderá acreditarse a través da descrición da experiencia dos seus asociados se for relevante.

Para facilitar esta tarefa se xunta un modelo de memoria da experiencia do candidato (modelo 3.10.2), sen prexuízo de incluír algún outro cando se considere de particular interese.

Os principais campos son:

- ENTIDADE: asociación candidato o asociado.
- DENOMINACIÓN DO PROGRAMA/PROXECTO: onde se describirá o nome do programa ou proxecto concreto que se desenvolveu.
- PERÍODO DE EXECUCIÓN: se indicará o mes e ano de inicio e o mes e ano de finalización.
- ORZAMENTO EXECUTADO: se indicará en euros o importe do programa ou proxecto que se executou durante todo o período.
- NÚMERO DE ACTIVIDADES OU PROXECTOS DESENVOLVIDOS: indicaranse as actividades ou proxectos desenvolvidos, supervisados ou aprobados pola entidade.
- NÚMERO DE ASOCIADOS NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA: se indicarán os principais socios ou asociados, así como o número de total de entidades ou persoas


**Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):**
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

participantes no mesmo, indicando así mesmo se eran nacionais ou de ámbito europeo ou internacional.

- AMBITO TERRITORIAL DE ACTUACIÓN: se indicará o ámbito de execución do programa ou proxecto.
- OBXECTIVOS PRINCIPAIS DO PROGRAMA: se describirán os principais obxectivos e finalidades do proxecto ou programa.
- ESTRATEXIAS DE PARTICIPACIÓN DESENVOLVIDAS: se describirán as principais actividades levadas a cabo para dar a coñecer o proxecto ou programa, así como as iniciativas para facilitar a participación dos socios e da cidadanía.
- DESCRICIÓN DO INSTRUMENTO DE FINACIAMENTO (UE,ADMON AUTONOMICA..): se describirá o instrumento financeiro do programa ou proxecto, indicando así mesmo si se trata dun instrumento de financiamento comunitario ou non, así como se é de carácter público ou privado, etc...
- SOCIOS ESTRANXEIROS (SI/NON): Se expresará se no proxecto participaban socios doutros países, indicando a procedencia, etc...
- DESCRICIÓN DOS PRINCIPAIS FITOS ACADADOS: Se describirán as principais metas alcanzadas coa execución do proxecto, indicando, de ser o caso, a obtención dalgún premio ou recoñecementos, xa sexa a nivel autonómico, estatal, comunitario ou internacional. Do mesmo xeito describirase se o proxecto foi elixido coma un exemplo de boas prácticas ou similar.

Deberase cubrir un ficha por cada proxecto no que se teña experiencia

Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

### 2.4.6 Equipo técnico,

Se for o caso: descrición e xustificación, currriculum vitae de cada un dos membros do equipo técnico xustificando documentalmente a experiencia en xestión e elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativas, distribución de tarefas e proposta de financiamento

Os candidatos a GALP poderán realizar unha descrición do seu equipo técnico para a xestión dunha Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa.

O equipo técnico debería estar dimensionado en función dos seguintes criterios:

- Ámbito territorial do GALP
- Poboación da zona de actuación.
- Orzamento previsto a xestionar na EDLP.
- Outros factores específicos a xustificar polo grupo.

En consecuencia, o número de persoas contratadas que conformen o equipo técnico, así como a súa cualificación, deberían estar xustificadas en función das necesidades da asociación, determinadas de acordo cos criterios anteriores.

Se o candidato a grupo describe o equipo técnico recomendase realizar un organigrama onde se establezan as seguintes consideracións para cada posto:

- Denominación do posto
- Funcións principais e accesorias
- Valoración do posto, cunha estimación prevista do custe do mesmo, desglosando os distintos conceptos salariais (soldo, cotizacións á seguridade social, etc...),
- Valoración total dos custes do equipo técnico indicando a súa proposta de financiamento.

Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

# 3. PROXECTO PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA EDLP

O proxecto de Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo deberá estar integrada polos seguintes apartados básicos:

## 3.1 Diagnóstico actual da situación do territorio que fundamente a orientación estratéxica

O **diagnóstico territorial** deberá analizar os diversos ámbitos para xustificar a orientación estratéxica que se propoña. A título de exemplo, pódense considerar os seguintes ámbitos, sen prexuízo de que se realice especial fincapé no relativo ao sector pesqueiro:

1. Territorio.
2. Demografía. Poboación e distribución territorial.
3. Mercado laboral.
4. Estrutura económica e empresarial.
5. Sector pesqueiro.
6. Sector turístico.
7. Patrimonio medioambiental e cultural.

Empregarase a información o máis actualizada posible. O diagnóstico ten que reflectir as tendencias e o momento actual no que se atopa o territorio e, deste xeito, garantir que as medidas deseñadas en función do diagnóstico respondan ás necesidades actuais.

A información sobre estas variables de diagnóstico territorial do candidato adoptarán a forma da metodoloxía **DAFO**. O DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas, Oportunidades) é a ferramenta estratéxica máis utilizada. O beneficio que se obtén coa súa aplicación é coñecer a situación real en que se atopan as zonas costeiras, concretamente o sector pesqueiro en xeral, así como o risco e oportunidades que lle brinda a situación conxuntural e estrutural.

Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

A denominación da ferramenta DAFO venlle dada polas súas iniciais, que fan referencia aos seguintes conceptos:

- **D - Debilidades**, tamén chamadas puntos febles: son aspectos que limitan ou reducen a capacidade de desenvolvemento efectivo da estratexia da organización. Constitúen unha limitación para a organización e deben ser controladas e superadas.
- **A - Ameazas**: defínese como toda forza do contorno que pode impedir a implantación dunha estratexia, reducir a súa efectividade, incrementar os riscos desta ou os precursos que se requiren para a súa implantación
- **F - Fortalezas**, tamén chamadas puntos fortes: son capacidades, recursos, posicións alcanzadas que deben e poden servir para explotar oportunidades.
- **O - Oportunidades**: é todo aquilo que, en comparación á contorna do grupo, poida supor unha vantaxe competitiva para a organización, ou ben representar unha posibilidade de mellorara en termos xerais.

A análise DAFO incluirase segundo o modelo da seguinte táboa, incluida no formulario. Inclúense entre paréntese exemplos de Fortalezas, Debilidades, Oportunidades e Ameazas.

| | Fortalezas | Debilidades |
|---|---|---|
| Análise interna | *Capacidades distintas<br>Vantaxes naturais<br>Recursos superiores* | *Recursos ou capacidades escasas<br>Resistencia ao cambio* |
| | Oportunidades | Ameazas |
| Análise externa | *Novas Tecnoloxías<br>Cambios nos hábitos sociais/de consumo<br>Posicionamento estratéxico* | *Cambios na contorna económica, social e ambiental<br>Novos marcos legais* |

## 3.2 Proposta das grandes liñas da estratexia e resultados esperados.

Segundo resultado do do DAFO, e unha vez analizadas as necesidades de cada zona costeira, cada GALP procederá a establecer as principais áreas de intervención ou liñas estratéxicas e os obxectivos xerais para cada unha delas, que deben ser medibles. Indicaranse os desafíos as que se propón dar resposta coa estratexia e os resultados esperados, e presentarse unha financiación indicativa do proxecto.

Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

O proxecto será coherente coas necesidades detectadas na zona e coa prioridade de 4 da UE de "Aumentar o emprego e a cohesión territorial mediante o obxectivo específico seguinte: o fomento do crecemento económico, a inclusión social, a creación de emprego e o apoio á empregabilidade e a mobilidade laboral nas comunidades costeiras e de interior dependentes da pesca e acuicultura, incluíndo a diversificación das actividades relacionadas no marco da pesca e respecto de outros sectores da economía marítima".

Salientar que os obxectivos xerais das EDLP deben dar resposta ás debilidades e ameazas do DAFO, e deben aproveitar as vantaxes ofrecidas polas fortalezas e oportunidades do diagnóstico.

## 3.3 Proceso de participación das comunidades locais.

O proceso de diagnóstico e de establecemento de obxectivos e accións a desenvolver mediante unha EDLP deberán estar acompañadas dun proceso de participación que permita que os actores locais, en particular as entidades que integran a asociación, participen no reforzo ou establecemento da asociación, na delimitación do territorio e no diagnóstico e definición da estratexia.

Os procesos de participación da comunidade poderán implementarse a través de diversas canles, entre elas:

a. Reunións sectoriais con axentes públicos (concellos, representantes de mancomunidades, etc)
b. Reunións sectoriais con axentes do sector (confrarías, asociacións, etc).
c. Reunións con outras asociacións sociais da zona de actuación.
d. Reunións abertas á comunidade.
e. Outras actividades.
f. Procesos de consulta online a través de microsites sobre un ou varios temas (unha ou varias consultas sectoriais)
g. Procesos de consulta online a través de redes sociais.
h. Outras.



Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd):
Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas

# GUIA DE ORIENTACIÓNS PARA OS CANDIDATOS A GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO (GALP)

UNIÓN EUROPEA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR